

h) Medidas de seguridade: nivel básico. As medidas de seguridade do ficheiro están especificadas no correspondente documento de seguridade.

6. Ficheiro: Rexistro de visitas e videovixilancia.

a) Finalidade do ficheiro e usos previstos: o control de acceso ao interior da sede da institución e o garaxe, así como o control e xestión das visitas que se reciben no Inega co fin de garantir o axeitado nivel de coordinación e seguridade.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: persoas físicas que son recibidas no Inega, así como as persoas físicas que accedan ás zonas videovixiladas.

c) Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: declaracións dos propios interesados ou do seu representante legal, mediante formularios e sistemas electrónicos, así como a gravación en vídeo a través de cámaras incorporadas ao sistema de videovixilancia.

d) Estrutura básica do ficheiro: base de datos con tratamento mixto (automatizado/manual).

e) Tipos de datos incluídos neste:

-Datos de carácter identificativo (DNI/NIF; nome e apelidos; sinatura/pegada, imaxe/voz).

e) Cesión de datos que se prevén: poderanse ceder as imaxes de videovixilancia e os datos de control de acceso no suposto de investigación de delito ao Ministerio Fiscal, aos órganos xudiciais, ou ás forzas e corpos de seguridade do Estado. Esta cesión ampárase nas seguintes leis:

-Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

-Lei 50/1981, do 30 decembro, pola que se regula o Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal.

-Lei de axuízamento criminal, aprobada por Real decreto do 14 de setembro de 1882.

-Lei orgánica 2/1986, do 13 marzo, de forzas e corpos de seguridade.

f) Órgano administrativo responsable do ficheiro: Instituto Enerxético de Galicia.

g) Servizo ou unidade ante o que poden exercerse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, cando procedan: Instituto Enerxético de Galicia; rúa Avelino Pousa Antelo, 5, 15703 Santiago de Compostela (A Coruña).

h) Medidas de seguridade: nivel básico. As medidas de seguridade do ficheiro están especificadas no correspondente documento de seguridade.

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Corrección de erros.-Resolución do 30 de marzo de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), que aproba as bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica aos proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

Advertidos erros na referida resolución, publicada no DOG nº 65, do 8 de abril de 2010, procede facer as seguintes correccións:

-Na páxina 5.318, no artigo 5.3º no segundo parágrafo, onde di:

«5.3. (...)

Non se poderá incurrir en ningún dos custos alegados, sobre os que se solicita subvención, poderán ser incorridos con carácter previo á solicitude da axuda; de ser así, o proxecto no seu conxunto sería non subvencionable».

Debe dicir:

«5.3. (...)

Ningún dos custos alegados, sobre os que se solicita subvención, poderán ser incorridos con carácter previo á solicitude da axuda; de ser así, o proxecto no seu conxunto sería non subvencionable».

-Na páxina 5.324, no artigo 16 número 6 letra a), onde di:

«a) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, xustificativos do gasto da actividade. No caso de adquisición de inmobles requirirase escritura pública que terá que incluír certificado de taxador independente e facer constancia de que o ben se destinará ao fin concreto para o que se concedeu a subvención».

Debe dicir:

«a) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, xustificativos do gasto da actividade. No caso de construción de inmobles requirirase escritura pública».

-Na páxina 5.325, no artigo 16, engádese o seguinte número:

«16.10. Persoas xurídicas en constitución. No caso de que a resolución de concesión recaía sobre unha persoa xurídica en constitución, con carácter previo á presentación da solicitude de cobramento da axuda -incluída a solicitude de anticipos ou pagamentos á conta- deberá presentar neste instituto a documentación acreditativa da súa constitución e as circunstancias rexistradas, no caso de que non fose presentada anteriormente».

-Nas páxinas 5.330 e 5.331, substitúese o anexo III de localizacións preferentes polo que se publica con esta corrección de erros.

ANEXO III



LOCALIZACIÓN PREFERENTES

Axudas do Igape aos proxectos de creación de empresas pequenas e medianas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013

- Para os proxectos que se van implantar nos seguintes municipios, nos criterios de avaliación e selección de proxectos, o criterio de localización avaliarase con 15 puntos:

- Municipios das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal: municipios da Capela, As Pontes, Ares, Cabanas, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, San Sadurniño, Somozas, Valdoviño.
- Municipios da Costa da Morte: A Laracha, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbría, Fisterra, Laxe, Malpica, Mazaricos, Muros, Muxía, Ponteceso, Santa Comba, Vimianzo, Zas.
- Municipios da provincia de Lugo.
- Municipios da provincia de Ourense.

- Para os proxectos que se van implantar nos seguintes municipios, nos criterios de avaliación e selección de proxectos, o criterio de localización avaliarase de 0 a 15 puntos:

PROVINCIA DA CORUÑA

Abegondo	Dodro	Pino, O
Aranga	Frades	Porto do Son
Arzúa	Irixoa	Rois
Baña, A	Lousame	Santiso
Betanzos	Melide	Sobrado
Boimorto	Mesía	Toques
Boqueixón	Negreira	Tordoia
Brión	Noia	Touro
Cerceda	Ordes	Trazo
Cesuras	Outes	Val do Dubra
Coirós	Oza dos Ríos	Vedra
Curtis	Paderne	Vilasantar
	Padrón	Vilarmaior

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Agolada	Dozón	Oia
Arbo	Estrada, A	Pazos de Borbén
Barro	Forcarei	Ponte Caldelas
Campo Lameiro	Fornelos de Montes	Pontecesures
Cañiza, A	Lama, A	Portas
Catoira	Lalín	Rodeiro
Cerdedo	Meis	Salvaterra de Miño
Cotobade	Mondariz	Silleda
Covelo, O	Mondariz-Balneario	Vila de Cruces
Crecente	Moraña	Valga
Cuntis	Neves, As	